

O Consello Escolar e o Claustro de profesorado do IES de Chapela expoñen a súa reflexión sobre a xestión educativa e sanitaria da crise que estamos a vivir, e demandan da administración galega medidas para construír o ensino público que todas e todos queremos.

As consecuencias da pandemia provocada polo virus SARS-CoV-2 no sistema educativo galego iniciáronse o pasado xoves 12 de marzo cando o Presidente da Xunta de Galicia anunciou a suspensión, a partir do luns 16, do ensino presencial. Desde o propio momento do anuncio, coñecido nos centros educativos a través dos xornais dixitais e a piques de finalizar a xornada escolar matinal, a sociedade en xeral, e a comunidade educativa en particular, iniciou un camiño sen precedentes. Entendemos que superada aparentemente a terrible fase inicial desta crise, é o momento de realizar un primeiro balance da situación.

Desde o ámbito docente a maior parte das solucións implementadas ao longo destes dous meses partiron do voluntarismo e a implicación persoal e profesional de profesoras, profesores e direccións de centros. Foron accións individuais con escasa coordinación desde as administracións autonómicas e estatais, e nas que non houbo sensación de acompañamento dun sobrecargado labor docente. O alumnado viviu a crise en primeira persoa, con contextos socioculturais, económicos e familiares moi diversos, aos que nin a administración nin o profesorado puido dar sempre unha resposta adecuada. O papel de vertebración social que xoga o ensino e o valor dos nosos servizos públicos nunca foi tan manifesto. O peche das aulas evidenciou, se cabe aínda máis, as diferenzas sociais da nosa sociedade.

Máis alá da política educativa non se atendeu debidamente á seguridade e saúde das traballadoras e traballadores dos centros. A instrución de incorporación do profesorado o día 16 de marzo, amplamente contestada desde as direccións dos centros de Galicia, ou a orde de apertura indicada na Resolución do 5 de maio, que obrigou a abrir os centros o día 11 de maio, obviando e descoñecendo as condicións de seguridade e hixiene básicas dos centros, poden ser cualificadas de moi graves. Pretendeuse a incorporación aos edificios do persoal non docente, das direccións dos centros e das persoas usuarias, sen ter establecido un protocolo preciso, con persoal de limpeza desprazado dos centros, e sen contar coas medidas e materiais necesarios. Púxose en risco a saúde da comunidade educativa.

Aínda entendendo que vivimos unha situación excepcional, consideramos que nestes dous meses de crise a Consellería de Educación xestionou a emerxencia con escasa coordinación, falta de información, inexistencia de directrices claras e unha deficiente política de comunicación. Non conseguiu adaptarse á realidade dos centros nin ás problemáticas e especificidades dos distintos sectores da comunidade educativa.

Feitas estas consideracións, e aínda comprendendo a dificultade de pretender un perfecto funcionamento do sistema educativo en medio destas circunstancias, demandamos á administración galega as seguintes medidas para construír xa, e en adiante, o ensino público que todas e todos queremos.

1ª. Avaliación e inspección das condicións sanitarias e de seguridade e hixiene dos centros educativos, con asesoramento real, e coa achega dos materiais precisos. Fornecer á comunidade educativa dos medios de protección necesarios para garantir o seu dereito á saúde no traballo coa debida anticipación.

2ª. Información clara, anticipada e directa por parte das persoas responsables da Consellería de Educación, de todas as decisións e medidas que se adopten, contando cos distintos sectores da comunidade educativa e mellorando a comunicación.

3ª. Apoio e acompañamento ás necesidades do alumnado, familias, persoal non docente, e profesorado, con dotación de recursos de hardware e software, soporte e asesoramento técnico e cursos de formación.

4ª. Instamos á Consellería a facer un censo estrito, rápido e con actualizacións periódicas, da situación de conectividade do alumnado e profesorado de toda Galicia, e unha aplicación para a tramitación das axudas que se puidesen solicitar.

5ª. Proceder xa a implementar e facilitar os procedementos administrativos de xeito telemático, (matrícula, admisión, fondo libros, comedores escolares, etc.) para diminuír en todo o posible o tráfico de persoas.

6ª. Programar unha volta ao curso 20/21 que cumpra coas medidas de seguridade necesarias, e coas garantías de apoio e axuda ao alumnado. Ter en conta a necesidade e urxencia de apoiar ao alumnado máis desfavorecido nesta crise, que precisa de reforzos ou necesidades educativas especiais, aumentando os cadros de persoal de profesorado, diminuindo a ratio por aula, e adiantando contratos programa como o de Refórza-T ao mes de setembro. É imprescindible a información das medidas a adoptar, en tempo e forma, para poder organizar e preparar o vindeiro curso.

7ª. Flexibilización dos prazos administrativos referentes á xustificación de programas educativos, memorias, etc.

8ª. Utilizar o momento vivido para dar un salto adiante na aplicación das novas tecnoloxías en toda a educación galega e establecer unha nova metodoloxía e xeito de entender o ensino.

Aprobado polo **Claustro e Consello Escolar do IES de Chapela**, en sesión ordinaria do 20 de maio de 2020.

O director



Miguel Pérez Lorenzo